



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIANXO E O CONCELLO DE RIBEIRA, PARA O REFORZO DO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO CON POLICÍAS LOCAIS PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE RIBEIRA DURANTE AS FESTAS DA GUADALUPE O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2024

REUNIDOS

Julián Bustelo Abuíñ, na súa calidade de alcalde do Concello de Rianxo, consonte ao disposto nos artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Luis Antonio Pérez Barral, na súa calidade de alcalde do Concello de Ribeira, consonte ao disposto nos artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Recoñecéndose ámbalas dúas partes capacidade xurídica necesaria para a formalización deste convenio e de común acordo,

EXPOÑEN

1. O día 15 de setembro de 2024, está previsto celebrar no Concello de Rianxo as festas da Guadalupe, prevéndose unha grande afluencia de visitantes ás mesmas.
2. A dotación da policía local, resulta insuficiente para ocasións puntuais de grande afluencia de persoas ó Concello, como no caso das festas da Guadalupe, en momentos puntuais. Prevese, con motivo destas celebracións, unha carga de traballo que non pode ser asumida cos efectivos existentes.
3. O artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia, permite que, eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal da policía local dalgún Concello, o seu alcalde poderá chegar a acordos con outros Concellos para que membros da policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, de ser preciso, en réxime de comisión de servizo, aceptado voluntariamente polo funcionario. O apartado 4 do mencionado artigo sinala que, en todo caso, deberá darse conta dos acordos adoptados polos Concellos á Consellería competente en materia de seguridade, para a súa anotación no rexistro de policía locais de Galicia.
4. Con base nos antecedentes citados, asínase este Convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes **CLÁUSULAS**:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015329200T8U3X4C3R9F6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 10/09/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/09/2024 09:30:25

EXPEDIENTE :: 2024GRAT000044
Fecha: 10/09/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL





PRIMEIRA.- O Concello de Ribeira comprométese a reforzar o Corpo de Policía Local do Concello da Pobra con 8 efectivos do seu propio corpo de policía local.

SEGUNDA.- Os efectivos do corpo de policía local de Ribeira, que aceptan voluntariamente o servizo en réxime de comisión de servizos, con indicación das datas e o horario no que ditos funcionarios prestarán os seus servizos no Concello de Rianxo, que poderá verse ampliado no caso de urxencia ou necesidade, son os seguintes:

AXENTES	TIP	DATA	HORARIO
D. luis Javier Dieste Lesende	239042	15/09/2024	07:00 a 15:00 horas
D. Javier Outeiral Ares	239017	15/09/2024	07:00 a 15:00 horas
D. Begoña Pérez Pais	A239021	15/09/2024	07:00 a 15:00 horas
D. Gonzalo Grovas Mallo	A239028	15/09/2024	07:00 a 15:00 horas
D. Adrián Bretal Torres	A239017	15/09/2024	07:00 a 15:00 horas
D. luís Manuel García Sampedro	239034	15/09/2024	15:00 a 23:00 horas
D. Ricardo Fariña Vidal	A239050	15/09/2024	15:00 a 23:00 horas
D. Anxo Orellan Fernández	239046	15/09/2024	15:00 a 23:00 horas

TERCEIRA.- O réxime no que tales funcionarios se atoparán durante a realización de ditas funcións será o de Comisión de servizos no Concello de Rianxo, ó abeiro do establecido no artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Rianxo remitirá ó Concello de Ribeira, unha vez rematado o período da comisión de servizos, certificación acreditativa da realización dos traballos, con indicación de horas, e o persoal que os realizou.

QUINTA.- O Concello de Ribeira, aboará aos axentes as contías resultantes da comisión de servizos efectuada na nómina correspondente, e trala emisión do certificado regulado no punto 4. O gasto previsto derivado da comisión de servizos é o seguinte:

RETRIBUCIÓN	COSTE SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL POR AXENTE	CUSTE TOTAL POR 8 AXENTES
257,28 €	86,48 €	343,76 €	2750,08 €

Á cantidade anterior poderá incrementarse co importe das indemnizacións por desprazamento e/ou manutención que o Concello de Ribeira tivese que abonar ós axentes.

SEXTA.- O Concello de Rianxo aboará ó Concello de Ribeira a cantidade de **2750,08 €** mais as axudas de custe se puidesen ter devindicado de acordo coa clausula anterior. Dita cantidade minorarase de xeito proporcional no caso de que algún dos axentes non realizase a comisión de servizos.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015329200T8U3X4C3R9F6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL- ALCALDE PRESIDENTE - 10/09/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/09/2024 09:30:25

EXPEDIENTE :- 2024GRAT000044
Fecha: 10/09/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015329200T8U3X4C3R9F6





A dita estimación realízase tendo en conta os importes de referencia os que de seguido se indican:

CONCEPTO	IMPORTE
Retribucións ós axentes en comisión de servizo	257,28 € / xornada
Gastos de locomoción no caso de utilización do vehículo propio no desprazamento	0,26 euros/ quilómetro
Axudas de custo	Os previstos no Anexo II do Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo

SETIMA.- O ingreso deberá efectuarse na conta bancaria que indique o Concello de Ribeira.

OITAVA.- A vixencia deste convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2024, sen posibilidade de prórroga. Este convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, na data indicados na sinatura dixital.



Firmado por JULIÁN BUSTELO ABUÍN - ***9546**, o día 13/09/2024 cun certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016

CSV: 07E80015329200T8U3X4C3R9F6



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015329200T8U3X4C3R9F6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL- ALCALDE PRESIDENTE - 10/09/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/09/2024 09:30:25

EXPEDIENTE :: 2024GRAT000044
Fecha: 10/09/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

